



DATOS IDENTIFICATIVOS

Macroeconomía

Materia	Macroeconomía			
Código	V03G720V01215			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Falagán Mota, Jorge			
Profesorado	Falagán Mota, Jorge			
Correo-e	falagan@uvigo.es			
Web	http://http://fatic.uvigo.es/			
Descrición xeral	A macroeconomía céntrase no estudo da conduta da economía no seu conxunto. Analiza: o crecemento a longo prazo, as fluctuacións cíclicas da produción total, o desemprego e a inflación, a oferta monetaria e o déficit presupuestario e o comercio e as finanzas internacionais. Ademais estuda o efecto que ten sobre a economía a aplicación por parte dos gobernos de diferentes políticas económicas			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lograr o manexo por parte dos estudantes da análise económica a través das súas ferramentas básicas, de modo que para abordar preguntas económicas sexan capaces de construír modelos económicos simples, que mediante unha representación simplificada da realidade permitan tratar axeitadamente o problema	A2 A5
Habilidades na busca, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e do seu contido	A3 A4
Utilizar diferentes metodoloxías en función do proceso de E-A, adecuando os aspectos, procesos e criterios metodolóxicos a cada situación de E/A	
Espertar o interese dos estudantes respecto á análise dos efectos das políticas macroeconómicas, de modo que ante a aplicación dun novo instrumento de política económica sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre a súa eficacia na consecución dos obxectivos para os cales se formulase	A2

Contidos

Tema	
1. Introducción á Macroeconomía	Temas de estudo da Macroeconomía. A medición da actividade económica.

2. O mercado de bens	Modelo renta gasto. Curva IS.
3. Os mercados financeiros	A oferta e a demanda de diñeiro. A determinación do tipo de xuro. O Banco Central. O multiplicador monetario. A curva LM.
4. Análise conxunta dos mercados de bens e financeiros: o modelo IS-LM	Obtención da curva de demanda.
5. O mercado de traballo	Variables relevantes do mercado de traballo. Determinación de salarios. Determinación de prezos. Taxa de paro natural.
6. Análise conxunta de todos os mercados: o modelo OA-DA	A obtención da curva de oferta. O equilibrio a curto e medio prazo.
7. A curva de Phillips	(*)
8. A inflación, a actividade e o crecemento da cantidade de diñeiro	(*)
9. Macroeconomía nunha economía aberta.	Tipos de cambio. Mercado de divisas. Balanza de pagamentos e tipos de cambio. Mercados financeiros e tipos de cambio.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	28	42	70
Resolución de problemas	14	18	32
Resolución de problemas	6	16	22
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a aplicación da lóxica, fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Tamén poderán analizarse feitos, problemas ou sucesos reais coa finalidade de coñecelo, interpretalo, reflexionar e completar coñecementos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Formulación, análise, resolución e debate de problemas ou exercicios relacionados co tema do tema

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Para levar a cabo a avaliación continua realizaranse ao longo do curso varias probas sobre os diferentes temas que inclúe a asignatura.	40	A2 A3 A4 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames. O examen evaluará toda a materia exposta ao longo do curso.	60	A2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na 1ª convocatoria o alumno/a terá a posibilidade de superar a materia a través da avaliación continua; sempre que en cada proba obteña unha cualificación maior ou igual a 4 puntos sobre 10.

Se o alumno/a non realizou a avaliación continua ou quere mellorar a cualificación obtida a través desta, poderá presentarse ao exame final escrito. Nese caso, a nota final da materia resultará da suma ponderada da nota obtida na avaliación continua, que supoñerá un 40% da nota final, e a nota obtida no exame escrito, que valerá o 60% restante da nota final. Para aprobar a materia será preciso obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na 2ª convocatoria manterase este mesmo criterio; é dicir, a nota da avaliación continua pondérase por un 40% e a nota do

exame escrito por un 60%.

Avaliación continua: O 40% (no caso de optar por presentarse ao exame final) ou o 100% da nota obterase mediante a avaliación continua do alumno, o que inclúe a asistencia tanto ás clases teóricas coma ás clases prácticas e a nota das probas que se realizan ao longo do curso. Concretamente, a puntuación será a seguinte:

Ata 10 puntos polas notas das probas realizadas.

asistencia ás clases teóricas e clases prácticas é obrigatoria para poder realizar unha avaliación continua, polo que a ausencia inxustificada será penalizada segundo os seguintes criterios:

- 0-3 faltas sen xustificar: Non se restan puntos.
- 4-5 faltas sen xustificar: 1 punto menos.
- 6-7 faltas sen xustificar: 2 puntos menos.
- A partir de 8 faltas sen xustificar: A puntuación da avaliación continua reducirase en 2 puntos por cada nova falta.

Exame escrito (ata 6 puntos): un exame final escrito, no caso de que o alumno/a non realizase a avaliación continua ou desexe mellorar a cualificación obtida nela, que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames. Será necesario, para poder superar a materia, alcanzar unha nota de 5 puntos sobre 10 no exame.

Os alumnos que non realicen a avaliación continua nin o exame final teñen dereito a figurar en actas como "non presentados".

NOTA IMPORTANTE SOBRE A 2ª CONVOCATORIA:

A cualificación que obtivesen os alumnos pola avaliación continua manterase na 2ª convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Blanchard, O.; Amighini, A. y Giavazzi, F., **Macroeconomía**, 5ª edición,, Pearson Educación, 2012

Bibliografía Complementaria

Belzunegui, B.; Cabrerizo J.; Padilla R. y Valero I., **Macroeconomía: Problemas y ejercicios resueltos**, 3ª edición, Pearson Prentice-Hall, 2013

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Economía española e mundial/V03G020V01201

Economía: Microeconomía/V03G020V01101

Outros comentarios

As datas de exames se poderán atopar na seguinte ligazón:

<http://fccee.uvigo.es>

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito impártese no 1º cuatrimestre do 2º curso do Programa de Simultaneidade e o profesor responsable é Jorge Falagán Mota

As datas de exames no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito se poderán atopar na seguinte ligazón: <http://doblegradoad.uvigo.es/docencia/segundo-curso>